



CIRCULAR INFORMATIVA 20/2018

1. BAREMO DE TRÁFICO: XORNADA PRÁCTICA DIRIXIDA A ABOGADOS ESPECIALIZADOS EN ACCIDENTES DE CIRCULACIÓN E RESPONSABILIDADE CIVIL

O Colexio de Avogados, en colaboración coa editorial Sepín, ofrecerá esta nova xornada para tratar as últimas novidades e resolver dúbidas respecto desta materia.

Día: mércores, 19 de decembro de 2018

Lugar: salón de actos do ICA de Santiago

Hora: de 16.45 a 20.00 h

Prazas: 100

Matrícula: gratuíta para colexiados/as ICAS
50 € para demais persoas interesadas

Inscripción e prazo: no teléfono 981 581 713, ata o martes 19 de decembro ás 14.00 h

Programa:

17.00 h. **“Guía de boas prácticas no novo baremo. Aspectos problemáticos na tramitación extraxudicial de sinistros”**

Relator: D. José Antonio Badillo Arias, avogado, doutor en Dereito e profesor de Dereito Mercantil na Universidad de Alcalá de Henares

18.30 h. **“O criterio de intensidade do artigo 135 da LRCSCVM. Lesións cervicais e utilidade dos incorrectamente chamados “informes de biomecánica”. Que están resolvendo os tribunais?”**

Relator: D. Manuel Castellanos Piccirilli, avogado, mediador de seguros titulado e presidente da Asociación Nacional de Abogados de Víctimas de Accidentes y R.C. (ANAVA-RC)

2. ESCRITO DE QUEIXA ANTE O TSXG CONTRA O MAXISTRADO SUBSTITUTO D. LUIS CARLOS MARIANA NIÑO (INSTANCIA Nº 3 DE SANTIAGO)

Achegamos no **documento anexo (PDF)** unha copia do escrito de queixa dirixido dende o Colexio ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia en relación coa problemática que está a ocasionar a dilación excesiva na emisión das resolucións pendentes nos procedementos tramitados durante a etapa en que desenvolveu a súa actividade o xuíz substituto don Luis Carlos Mariana Niño no Xulgado de Primeira Instancia Número 3 desta cidade entre os meses de outubro de 2016 e agosto de 2017.



CIRCULAR INFORMATIVA 20/2018

3. RECORDATORIO DE PRÓXIMAS KORNADAS

1. “A ciberseguridade nos despachos de avogados”

Día: martes, 27 de novembro

Hora: 19.30 h

Lugar: salón de actos do ICA de Santiago

Matrícula: gratuíta para colexiados/as ICAS; 50 € para non colexiados/as

Inscripción: no teléfono 981 581 713, ata o luns 26 ás 14.00 h

Relator: D. Rafael Villaverde Mogo. Experto en ciberseguridade en Infonet e perito xudicial informático

Programa:

- A ciberseguridade para un avogado. Análise actual.
- Ameazas máis comúns para os avogados.
- A seguridade ante os ciberataques.
- Métodos preventivos máis eficaces (antivirus, anti-spyware etc.)

2. “Xustiza e Lingua. Reflexións para a normalización”

Día: mércores, 28 de novembro de 2018

Lugar: salón de actos do ICA de Santiago

Hora: de 19.00 h

Prazas: 100

Asistencia: libre, ata cubrir as 100 prazas dispoñibles

Programa: ([díptico na páxina web](#))

19.00 h. Acto de apertura

D. Francisco J. Rabuñal Mosquera, decano do ICA de Santiago

D. Juan José Martín Álvarez, director xeral de Xustiza

D^a M^a Elvira Casal García, subdirectora xeral de Planificación e Dinamización Lingüística

19.30 h. Mesa redonda: “**Parladoiro sobre o galego na xustiza**”

D. **Evaristo Nogueira Pol**, avogado e ex-decano do ICA de Santiago

D^a **Sandra Piñeiro Vilas**, maxistrada do Xulgado de Instrución Núm. 2 de Lugo

D. **Carlos Blanco**, actor e humorista